

INTERVENCIÓN XERAL

INFORME

REF.: 144/2021

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA CORRESPONDENTE O EXERCICIO ECONÓMICO DO 2020.

O orzamento de cada exercicio liquidarase en cuanto a recadación de dereitos e o pagamento de obrigas, ao 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagamentos pendentes, segundo os respectivos recoñecementos. En cumprimento do previsto no artigo 191 do texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e 89.1 e 92 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, procédese a confeccionar a Liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo dependente do Concello de Santiago de Compostela, AUDITORIO DE GALICIA, correspondente ao ano 2020.

I.- NORMATIVA A TOMAR CONSIDERACIÓN.

- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, - LRBRL- .
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local, - TRRL
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, - TRLRHL-.
- Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (Capítulo IV, Sección 3ª, Liquidación dos Orzamentos, artigos 89 a 105), - RP -
- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local - ICAL -.
- Orden de Economía e Facenda 3665/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012 del 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira - LOEPYSF -.
- Real Decreto 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001 Xeral de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación as Entidades Locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de información previstas pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fisca e activación da cláusula de escape.
- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro do 2020 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto e endebedamento para o período 2020 é 2021 é se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.
- Acordo adoptado polo Congreso dos Diputados o 20 de outubro do 2020 sobre a ratificación das regras fiscais para os anos 2020-2021.
- Bases de Execución do Orzamento xeral.

II.- TRAMITACIÓN DO ESTADO DA LIQUIDACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE PARA A SUA APROBACIÓN.

De conformidade co previsto nos artigos 191 e 192 do TRLRHL, e en igual senso o artigo 89 do RD 500/90 o peche e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais e dos Organismos Autónomos delas dependentes efectuarase, en cando a recaudación de dereitos e pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da Tesourería da Entidade Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións, aparecendo recollidos no Remanente de Tesourería.

A liquidación dos orzamentos dos Organismos Autónomos, informada pola Intervención e proposta polo órgano competente destes, será remitida a entidade local para a súa aprobación polo seu Presidente (Artigo 192.2 TRLRHL e artigo 90.1 RD 500/1990).

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte (artigo 191.3 TRLRHL e artigo 89.2 RD 500/90).

Unha vez aprobada pola Alcaldía-Presidencia a liquidación orzamentaria, de conformidade coa normativa que se ven citando daraselle o seguinte curso:

- Darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre (Artigo 193.4 TRLRHL e 90.2 RD 500/90).
- Remitirase copias da liquidación do orzamento a Comunidade Autónoma e á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda (Artigo 193.5 TRLRHL e artigo 91 RD 500/90).



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Actualmente a obriga de remisión de información ao Ministerio de Facenda está regulada na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

III.- CONTIDO DA LIQUIDACIÓN.

O estado da liquidación forma parte do conxunto das contas é estados que conforman a Conta Xeral e que se debe formar á finalización de cada exercicio económico. A liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada estritamente ao orzamento e a un exercicio económico determinado. A aprobación da Conta Xeral en ningún caso implica a aprobación da liquidación do orzamento que ten que producirse con carácter previo á aprobación daquela nas datas e condicións indicadas no epígrafe anterior do presente informe.

Segundo a Instrución de contabilidade para a Administración Local, - Orde HAP/1791/2013, do 20 de setembro -, a liquidación do Orzamento estrutúrase en tres partes:

- Primeira: Liquidación do orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De acordo co disposto no artigo 93 do RD 500/90, a liquidación deberá poñer de manifesto:

- Estado de gastos: (para cada aplicación orzamentaria): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigacións recoñecidas, pagos ordenados e pagos realizados.
- Estado de ingresos (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e dereitos recadados.
- Respecto das operacións de Orzamentos pechados, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recaudación e pendente de cobro. En canto as obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

E como consecuencia da liquidación do Orzamento deberá determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e obrigacións pendentes de pago ao 31 de decembro.
- O resultado do exercicio.

- Os remanentes de crédito
- O Remanente de Tesourería.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poda facerse unha comparativa dos estados de execución, pagos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

Por último indicar, que debe terse en conta igualmente que na actual Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a nova Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local que é de aplicación dende o exercicio 2015, a regulación das magnitudes de carácter orzamentario que se contiñan no capítulo IV do Título II da Instrucción de contabilidade do modelo normal de contabilidade local de 2004, se traslada agora a Terceira Parte “Cuentas Anuales” do Plan de Contas anexo a vixente Instrucción. En concreto, a regulación do Resultado orzamentario se traslada as normas de elaboración do Estado de Liquidación do Orzamento e a regulación do Remanente de Tesourería o apartado 24.6 da Memoria.

IV.- RESULTADOS E MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.

Realizada a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico do 2020, obtivéronse os seguintes resultados:

1.- Respecto do estado de gastos do Orzamento.

1.1.- Polo que respecta o Orzamento corrente que rexiu no exercicio que se liquida.

	2020
GASTOS EJERCICIO CORRIENTE	IMPORTE
A.- Presupuesto inicial. Gastos	2.606.277,65
B.- Modificacións gastos	168.272,83
C.- Orzamento definitivo gastos (A + B)	2.774.550,48
D.- Gastos autorizados	2.672.060,87
E.- Gastos comprometidos	2.662.380,87
F.- Obrigas recoñecidas netas	2.520.497,57
G.- Pagamentos realizados	2.096.332,86
H.- Obrigas pendentes de pagamento	424.164,71



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

1.2.- En cuanto a ejercicios pechados:

	2020
GASTOS EJERCICIOS PECHADOS	IMPORTE
A.- Saldo inicial de obrigas	413.681,01
B.- Rectificación de obrigas iniciais	-
C.- Total saldo inicial de obrigas (A + B)	413.681,01
D.- Saldo inicial de pagamentos ordenados	-
E.- Rectificación saldo inicial de pagamentos ordenados	-
F.- Total saldo inicial pagamentos ordeados (D + E)	-
G.- Pagamentos ordeados o exercicio	413.681,01
H.- Total pagamentos ordeados (D + G)	413.681,01
I.- Pagamentos realizados	413.681,01
J.- Obrigas prescritas	-
K.- Saldo actual de obrigas (C- G - J)	-
L.- Saldo actual de pagamentos ordeados (F + G + I)	-
LL.- Obrigas pendentes de pagamento (K + L)	-

2.- **Respecto o estado de ingresos do Orzamento.**

2.1.- Polo que concierne o orzamento corrente:

	2.020
INGRESOS EJERCICIO CORRENTE	IMPORTE
A.- Orzamento inicial. Ingresos	2.606.277,65
B.- Modificacións. Ingresos	168.272,83
C.- Orzamento definitivo ingresos (A + B)	2.774.550,48
D.- Dereitos recoñecidos brutos	2.455.115,06
E.- Dereitos anulados	22.424,38



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS

Santiago de Compostela

F.- Dereitos cancelados	-
G.- Dereitos recoñecidos netos (D - E- F)	2.432.690,68
H.- Recaudación bruta	2.163.664,91
I.- Devolución de ingresos	22.424,38
J.- Recaudación neta (H-I)	2.141.240,53
K.- Dereitos pendentes de cobro (G - J)	291.450,15
2.2.- En canto a agrupación de exercicios pechados:	

	2.020
INGRESOS EJERCICIOS PECHADOS	IMPORTE
A.- Saldo inicial de dereitos recoñecidos (B + C + D)	357.074,25
B.- Saldo inicial de dereitos	357.074,25
C.- Rectificacións en aumento	-
D.- Rectificacións a baixa	-
E.- Dereitos anulados (F + G)	-
F.- Por anulación de liquidacións	-
G.- Por aplazamentos e fraccionamentos	-
H.- Dereitos cancelados (I + J + K + L)	-
I.- Por cobros en especie	-
J.- Por insolvencias	-
K.- Por outras causas	-
L.- Por prescripción	-
M.- Dereitos recoñecidos netos (B + C - D - E - H)	357.074,25
N.- Dereitos recaudados	238.243,78
O.- Dereitos pendentes de cobro (M - N)	118.830,47

3.- En canto as **modificacións orzamentarias** tramitadas e aprobadas durante o exercicio cuxa liquidación se informa mostranse na taboa que se inserta de seguido, segundo a tipoloxía da modificación orzamentaria:

MODIFICACIÓN

ORZAMENTARIA

CTOS. EXTRAORD

IMPORTE

0,00



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

SUPLEMENT CTO	0,00
AMPLIAC.CTO	0,00
TRANSF. POSITIV	0,00
TRANSF. NEGATIV	0,00
INCOR.REMANET	15.718,24
XERACION CTO	152.554,59
BAIXAS	
ANULACIÓN	0,00
TOTAL	168.272,83

4.-O **Resultado Orzamentario** do exercicio presenta o seguinte detalle:

RESULTADO PRESUPOSTARIO EJERCICIO

CONCEPTO	DCHOS RECONOCID NETOS	OBLIG RECONOCID NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPOSTARIO
a).- Operaciones corrientes	2.411.490,68	2.485.728,64		-74.237,96
b).- Otras operaciones no financieras	21.200,00	34.768,93		-13.568,93
1.- Total operaciones no financieras (a + b)	2.432.690,68	2.520.497,57		-87.806,89
2.- Activos financieros	0,00	0,00		0,00
3.- Pasivos financieros	0,00	0,00		0,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO EJERCICIO	2.432.690,68	2.520.497,57		-87.806,89
AJUSTES				
4. Ctos.gastados financiados con RTGG				
5. Desviaciones financiación negativas ejercicio			15.301,30	
6. Desviaciones financiación positivas ejercicio			43.508,76	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				-116.014,35



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

5.- O estado contable do **Remanente de Tesorería** do ano o que se refire a liquidación e o inmediato anterior reflíctese na taboa que se inserta de seguido:

REMANENTE DE TESORERIA

	IMPORTE AÑO	IMPORTE AÑO
	2020	2019
1. (+) Fondos líquidos	542.023,41	1.389.985,24
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	424.671,93	-247.516,54
(+ De orzamento corrente	291.450,15	240.073,78
(+ De orzamentos pechados	118.830,47	117.000,47
(+ De operacións non orzamentarias	22.220,71	34.450,34
(-) Ingresos pendentes de aplicación	7.829,40	639.041,13
3.- (-) Obrigas pendentes de pagamento	519.880,26	607.846,73
(+ De orzamento corrente	424.164,71	413.681,01
(+ De orzamentos pechados	0,00	0,00
(+ De operacións non orzamentarias	96.387,54	195.830,15
(-) Pagos pendentes de aplicación	671,99	1.664,43
I.- Remanente de Tesorería total (1 + 2 + 3)	446.815,08	534.621,97
II.- Saldos de dubidoso cobro	111.924,04	106.382,61
III.- Excesos de financiación afectada	428,60	16.408,73
IV.- Remanente Tesorería Gtos.Grales. (I - II - III)	334.462,44	411.830,63

V.- CONSIDERACIÓNS.

PRIMEIRA.- O Orzamento municipal que rexiu no exercicio cuxa liquidación se informa, se presentou inicialmente nivelado, cos seguintes importes en termos agregados en gastos e ingresos:

	OO.AA. AUDITORIO
Ingresos (recursos iniciales)	2.606.277,65
Gastos (créditos iniciales)	2.606.277,65
Diferencia	-

Polo tanto o orzamento municipal preventivo para o exercicio económico liquidado cumpriu o mandado recollido no artigo 165.4 TRLRHL, en canto que o orzamento debe aprobarse sen déficit inicial.

Durante a vixencia do orzamento que se liquida tramitaronse un total de 3 modificacións de crédito orzamentarios con incidencia no orzamento aprobado, por importe total de 168.272,83 euros , dous na modalidade de xeración de créditos, por importe total de 154.554,59 euros é financiándose con compromisos de aportación doutras instancias administrativas, e un expediente de incorporación de remanentes financiado con excesos de financiación por un total de 15.718,24 euros, os remanentes incorporados se correspondían con investimentos no organismo.

Polo que se refire as xeracións de crédito, un primer expediente de modificación orzamentaria foi aprobado por resolución do Sr. Presidente do Consello Rector de data 24 de setembro do 2020, xerouse crédito no estado de gastos do organismo por un

total de 23.154,59 euros. Os compromisos de aportación se correspondían con unha subvención concedida pola Axencia Galega de Industrias Culturais polo referido importe de 23.154,59 euros para financiamento do XVII Festival Intervencional de cinema Cortocircuito 2020- O expediente se indentificou como 2020-XERAC-02.

Un segundo expediente, 2020-XENER-03, aprobado por resolución da presidencia do organismo de 19 de outubro do 2020, se ten xerado crédito por importe de 129.400,00 euros. Os compromisos de aportación se correspondían con dúas subvencións concedida pola Excmo. Deputación Provincial de A Coruña para a financiación do Festival internacional de cinema Cineuropa é o Festival internacional de curtametraxes Cortocircuito, por importes de 70.000,00 euros é 59.400,00 euros, respectivamente.

O detalle das modificacións de crédito tramitadas e aprobadas no exercicio e o seu importe total contense no cadro que figura de seguido:

MODIFICACION ORZAMENTARIA

CREDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	0,00
AMPLIACIONS DE CRÉDITO	0,00
TRANSF.DE CREDITO POSITIVAS	0,00
TRANSF.DE CREDITO NEGATIVAS	0,00
INCORP.REMANENTE DE CREDITO	15.718,24
CREDITOS GENERADOS POR INGRESOS	152.554,59
BAIXAS POR ANULACION	0,00
AXUSTES PRORROGA	0,00
TOTAL	168.272,83

En definitiva, as modificacións levadas a cabo nos créditos iniciais do Orzamento inicial ou preventivo, ascenderon a un total de 168.272,83 euros, o que supuxo un 6,46% do orzamento inicial autorizado para o exercicio.

Finalmente como consecuencia de ditas modificacións o Orzamento definitivo resumido sería o seguinte:

	ENTIDAD
Ingresos (recursos definitivos)	2.774.550,48
Gastos (recursos definitivos)	2.774.550,48
Diferencia	-

Manténdose, en consecuencia, o requisito formal da non existencia de déficit entre ingresos y gastos orzamentarios, como require a normativa reguladora das facendas locais.

SEGUNDA.- Xestión Orzamentaria.

Os indicadores que se amosan de seguido valoran o resultado da xestión orzamentaria efectuada, informando sobre o grao no que as previsións definitivas de ingresos teñen dado lugar a liquidación de dereitos é os créditos definitivos ten producido o recoñecemento de obrigas.

Asemsmo, mostran o proceso ou grao de conversión en liquidez dos dereitos de cobro liquidados e o ritmo de pago das obrigas.

O comportamento destes índices no exercicio a que se refire a liquidación que se informa e a dos dous exercicios anteriores a iste, ten sido o seguinte:

	2020	2019	2018	2017
Ejecución de ingresos	87,68%	98,85%	100,36%	95,04%
Ejecución de gastos	90,84%	94,26%	88,19%	94,84%
Recaudación dos ingresos	88,02%	91,19%	73,33%	87,23%
Pagos dos gastos	83,17%	85,40%	76,51%	80,18%

De onde se desprende que o grado de execución dos ingresos tense situado sensiblemente por debaixo dos niveis dos exercicios anteriores, é fundamentalmente como logo se dirá no capítulo 3 de taxas e ingresos comprensivo dos ingresos propios do organismo. Polo que se refire o grado de execución dos gastos apreciase un descenso en relación o exercicio precedente do

ano 2019, o cal ven motivado polos efectos da crise sanitaria en relación a programación do organismo durante fundamentalmente o estado de alarma e período de maiores restriccións. En canto os índices de pago de gastos e recadación ou cobro de ingresos mateñense en valores similares os dos exercicios anteriores.

Debe aclararse en relación coa determinación das porcentaxes anteriores que o Remanente de Tesourería que figura rexistrado no concepto 870 (“Remanente de Tesourería”), para financiar modificacións de créditos en gastos, non poder ser obxecto de liquidación de dereitos, polo que a comparación dos dereitos liquidados imputados o Capítulo VII sobre as previsións definitivas de dito Capítulo, efectúanse sobre estas pero unha vez deducidas distes recursos definitivos o importe das modificacións das previsións iniciais correspondentes a utilización de Remanente de Tesourería.

Resulta convinte en relación con estes índices e fundamentalmente de aqueles que informan en termos de execución orzamentaria, observar o seu comportamento separando as operacións correntes das operacións de capital, así como as operacións financeiras das non financeiras, dado que no caso por exemplo dos gastos de persoal, de compras de bens correntes e servizos e en menos medida os gastos financeiros, a súa planificación podese realizar con un razoable grao de precisión, dado que son partidas fácilmente predecibles, o que non acontece no caso das operacións de capital que poden vir condicionadas por dilatados períodos de execución dos investimentos, en canto que non suelen finalizar a súa execución no exercicio en que se inician provocando unha elevada incorporación de remanentes de crédito nos exercicios seguintes, que orixinan un retraso na realización do correspondente gasto e proxecto respecto da previsión inicial.

A estes efectos insertamos de seguido, para cada un dos tres anos, a execución dos estados de ingresos e gastos do orzamento do organismo a nivel de capítulo da clasificación económica en termos de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas netas.

ANO 2020

Estado de gastos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS	ORN	%S/DEFINIT	PAGOS	% /OBRIG	P.PENDEN T
1	944.757,86	0,00	944.757,86	891.849,86	94,40	879.922,98	98,66	11.926,88
	1.611.987,	152.554,5	1.764.542,	1.581.878,		1.191.423,		390.455,6
2	50	9	09	78	89,65	15	75,32	3
3	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00		0,00		0,00
4	12.000,00	0,00	12.000,00	12.000,00	100,00	0,00	0,00	12.000,00



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

5	6.532,29	0,00	6.532,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	20.000,00	15.718,24	35.718,24	34.768,93	97,34	24.986,73	71,87	9.782,20
8	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00		0,00		0,00
	2.606.277,	168.272,8	2.774.550,	2.520.497,		2.096.332,		424.164,7
	65	3	48	57	90,84	86	83,17	1

Estado de ingresos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICACION	DEFINITIVO	DRN	%S/DEFINITIVO	RECAUDADO	%S/DRN	C.PENDIENTE
3	586.249,40	0,00	586.249,40	349.959,06	59,69	349.552,45	99,88	406,61
	1.985.182,	152.554,5	2.137.737,	2.061.531,		1.790.488,		271.043,5
4	80	9	39	62	96,44	08	86,85	4
5	4.845,45	0,00	4.845,45	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	0,00	0,00	0,00	1.200,00	0,00	1.200,00	0,00	0,00
7	20.000,00	0,00	20.000,00	20.000,00	100,00	0,00		20.000,00
8	10.000,00	15.718,24	25.718,24	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	2.606.277,	168.272,8	2.774.550,	2.432.690,		2.141.240,		291.450,1
	65	3	48	68	87,68	53	88,02	5

ANO 2019

Estado de gastos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	ORN	%S/DEFINIT	PAGOS	% /OBRIG	P.PENDENT
1	872.192,88	0,00	872.192,88	865.055,76	99,18	851.546,15	98,44	13.509,61
2	1.642.362,98	217.433,00	1.859.795,98	1.731.593,59	93,11	1.471.059,82	84,95	260.533,77
3	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00		0,00		0,00
4	23.000,00	0,00	23.000,00	23.000,00	100,00	11.000,00	47,83	12.000,00
6	10.000,00	229.224,44	239.224,44	213.214,59	89,13	85.576,96	40,14	127.637,63
8	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00		0,00		0,00
	2.558.555,86	446.657,44	3.005.213,30	2.832.863,94	94,26	2.419.182,93	85,40	413.681,01

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICAC	DEFINITIV	DRN	%S/DEFINIT	RECAUDA	%S/DRN	C.PENDENT
3	583.079,09	0,00	583.079,09	558.352,78	95,76	526.522,78	94,30	31.830,00
4	1.960.631,32	197.574,36	2.158.205,68	2.161.506,14	100,15	1.953.262,36	90,37	208.243,78
5	4.845,45	0,00	4.845,45	4.545,45	93,81	4.545,45	100,00	0,00
7	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00		0,00
8	10.000,00	249.083,08	259.083,08	0,00	0,00	0		0,00
	2.558.555,86	446.657,44	3.005.213,30	2.724.404,37	90,66	2.484.330,59	91,19	240.073,78

ANO 2018



AUDITORIO DE GALICIA
PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Estado de gastos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICA C	DEFINITIV	ORN	%S/ DEFINIT	PAGOS	%S/ORN	PDTE.PAG O
1	847.166,32		847.166,32	828.077,76	97,75	823.243,79	99,42	4.833,97
	1.677.873,	210.743,8	1.888.617,	1.757.462,		1.373.693,		383.768,8
2	68	5	53	14	93,06	30	78,16	4
3	1.000,00		1.000,00	0,00	-	0,00		0,00
4	11.500,00		11.500,00	11.500,00	100,00	0,00	-	11.500,00
								285.429,3
6	550.500,00		550.500,00	321.067,17	58,32	35.637,84	11,10	3
8	10.000,00		10.000,00	0,00	-			0,00
	3.098.040,	210.743,8	3.308.783,	2.918.107,		2.232.574,		685.532,1
TOTAL	00	5	85	07	88,19	93	76,51	4

Estado de ingresos

CAPITULO	INICIAIS	MODIFIAC	DEFINITIV	DRN	%S/ DEFINIT	RECAUDAC	%S/DRN	PDTE COBRO
3	581.095,15		581.095,15	549.993,08	94,65	547.006,47	99,46	2.986,61
	1.952.099,	210.743,8	2.162.843,	2.216.087,		1.883.505,		332.581,6
4	40	5	25	37	102,46	70	84,99	7
5	4.845,45		4.845,45	4.545,45	93,81	4.545,45	100,00	0,00
								550.000,0
7	550.000,00		550.000,00	550.000,00	100,00		-	0
8	10.000,00		10.000,00		-			0,00
	3.098.040,	210.743,8	3.308.783,	3.320.625,		2.435.057,		885.568,2
TOTAL	00	5	85	90	100,36	62	73,33	8



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

ANO 2017

Estado de gastos.

CAPITULO	INICIAIS	MODIFICA C	DEFINITIV	ORN	%S/ DEFINIT	PAGOS	%S/ORN	PDTE.PAG O
1	832.870,29		832.870,29	797.665,15	95,77	793.812,03	99,52	3.853,12
2	1.662.962,00	242.914,08	1.905.876,08	1.811.730,80	95,06	1.329.580,84	73,39	482.149,96
3	1.000,00		1.000,00			0,00		0,00
4	20.000,00		20.000,00	19.500,00	97,50	0,00		19.500,00
6	24.500,00		24.500,00	21.051,28	85,92	1.421,01	6,75	19.630,27
8	10.000,00		10.000,00	0,00				0,00
TOTAL	2.551.332,29	242.914,08	2.794.246,37	2.649.947,23	94,84	2.124.813,88	80,18	525.133,35

Estado de ingresos.

CAPITULO	INICIAIS	MODIFIAC	DEFINITIV	DRN	%S/ DEFINIT	RECAUDAC	%S/DRN	PDTE COBRO
3	551.032,29	69.674,17	620.706,46	645.494,33	103,99	605.304,22	93,77	40.190,11
4	1.990.000,00	173.239,91	2.163.239,91	2.010.028,95	92,92	1.711.157,28	85,13	298.871,67
5	300,00		300,00	0,00		0,00		0,00



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

	7	0,00		0,00		0,00				0,00
	8	10.000,00		10.000,00		-				0,00
		2.551.332,	242.914,0	2.794.246,	2.655.523,		2.316.461,		339.061,7	
TOTAL		29	8	37	28 95,04		50 87,23		8	

No referente a agrupación contable de orzamentos pechados, no cadro que se inserta de seguido informase da evolución da relación de debedores de orzamentos pechados no exercicio que se liquida e os correspondentes porcentaxes de xestión e cobro.

INGRESOS PECHADOS

Pte cobro 1-1-2020	357.074,25
Rectificacións	0,00
Pdte cobro exercicio	357.074,25
Dtos anulados	0,00
Dtos cancelados	0,00
Recaudación	238.243,78
Pdte. Cobro 31-12-2020	118.830,47
% Xestión	66,72
% Recaudación	66,72

Por conceptos e exercicios as cantidades pendentes de cobro de exercicios pechados se reflicte de seguido:

EXERCICIO	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	PDTE. COBRO
			31/12/20
2005	34921	Utilización de salas por particulares	689,65
2008	34921	Utilización de salas por particulares	1.237,25
2008	47000	Transferencias empresas privadas	15.025,00
2010	49700	Otras transferencias	3.000,00
2011	55000	Auditorio	17.354,64
		Conc.Admivas: Cafet-Restaurante	
2012	55000	Auditorio	25.901,76
		Conc.Admivas: Cafet-Restaurante	
2013	55000	Auditorio	25.901,76
		Conc.Admivas: Cafet-Restaurante	
2014	55000	Auditorio	7.554,68
2016	34921	Utilizacion salas por particulares	1.080,00
2016	46700	Aport Consorcio Actividades culturais	17.455,73
2017	34921	Utilización salas por particulares	1.800,00
2019	34921	Utilizacion salas por particulares	1.080,00
2019	39901	Patrocinios publicitarios	750,00
		TOTAL	118.830,47



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Os débitos correspondentes os anos 2005 e 2008 se corresponden co alquiler da sala Angel Brage do Auditorio , por eventos que tiveron lugar en ditos anos, dada a antigüidade dos mesmos debe de procederse, previa verificación da situación de ditas débedas, a xestionar ditos débitos formulando no seu caso a baixa en contas si se tivera producido a súa extinción, por algunha das causas previstas no Regulamento Xeral de Recaudación (Real Decreto 939/2005, de 29 de xull)..

O mesmo cabe suliñar respecto da débeda por importe de 15.025,00 euros, que segundo a información que arroxa a contabilidade do organismo corresponderíase co unha aportación económica da mercantil Ruafer S.A. (A-15016595) para actividades culturais do organismo no ano 2008.

Polo que respecta os débitos dos anos 2011 a 2014, ambos os dous inclusive, se corresponden con impagos polo canon que debía abonar a antiga concesionaria do servizo de cafetería restaurante do organismo a comercial Dado-Dadá S.L (B-15374234). Da información a que se ten tido acceso en relación a ditas deudas e deudor, se constata que no ano 2014, - como queira que o organismo non ten atribuída legalmente a facultade de recaudación na vía de apremio -, en dito ano, mediante acordo do Consello Reitor, cargáronse a tesourería do Concello as liquidacións correspondentes a estas débedas non satisfeitas en período voluntario de cobro, para a súa recaudación en vía executiva previa providencia de apremio a ditar polo Tesoureiro municipal.

Non consta nos seguintes anos ata a actualidade que se teña producido anotación contable algunha derivada de dita xestión recaudatoria, polo que debería requirirse polos órganos xestores do organismo, información a tesourería do concello o respecto da situación de ditas débedas e a xestión que na vía executiva se teña levado a cabo, os efectos de analizar si tales débitos se corresponden con unha situación de insolvencia provisional, podendo proceder una declaración de fallidos, ou en último término si tales valores pendentes de cobro huberanse extinguido por ter operado o instituto da prescripción.

En calquera caso, como mais adiante se dirá, a situación distes débitos pendentes de cobro de relevante contía, non inciden nas magnitudes delimitadas e calculadas na liquidación orzamentaria dado que se inclúen na súa totalidade e polo seu importe íntegro na dotación de saldos de dubidoso cobro

As mesmas consideración os efectos de que a contabilidade do organismo cumpra co principio da imaxe fiel cabe realizar o respecto das cantidades pendentes de recaudar correspondentes os anos 2016 e 2017, que se corresponderían con débedas por alquiler da sala Angel Brage en ditos anos e unha aportación derivada dun Convenio de colaboración co Consorcio da cidade de Santiago de Compostelas e o Auditorio para realizar actividades culturais no ano 2016, que debe ser obxecto de comprobación os efectos de dar de baixa si procede dito débito ou iniciar ante o organismo consorcial as oportunas xestión de cobro no seu caso.

Finalmente debe procederse a efectuar as xestións recaudatorias correspondentes para facer efectivos os debitos do ano 2019, que se corresponden con unha liquidación por reserva da sala Brage por Cyan Partners, S.L. (B- 40548752) para a



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

celebración do espectáculo “Sombras de Sara Baras” o día 6 de decembro do 2019 por importe de 1.080,00 euros é un compromiso de aportación por importe de 750,00 euros derivada dun Convenio de patrocinio suscrito entre o organismo e Cafés Candelas, S.L (B-27013713) para o festival internacional de Cinema Cortocircuito 2019.

En relación cos pagos o saldo inicial de obrigas e pagos ordeados pendentes, así como os pagos realizados e o saldo final de obrigas recoñecidas a nivel agregado ten sido o seguinte:

OBRIGAS PDTES	PAGOS PDTES	TOTAL OBRIGAS	PAGOS REALIZADO	OBRIGAS PDTES	% PAGO
01/01/20	01/01/19	01/01/20	S	31/12/20	S
413.681,01	0,00	413.681,01	413.681,01	0,00	100

TERCEIRA.- RESULTADO ORZAMENTARIO.

RESULTADO ORZAMENTARIO	2020	2019	2018
1. Dereitos recoñecidos netos	2.432.690,68	2.724.404,37	3.320.625,90
2. Obrigas recoñecidas netas	2.520.497,57	2.832.863,94	2.918.107,07
3. Resultado antes de axuste (1 - 2)	-87.806,89	-108.459,57	402.518,83
4. Gastos financiados con Remanente de Tesourería	0,00	0,00	0,00
5. Desviacións negativas de financiación	15.301,30	286.890,43	0,00
6. Desviacións positivas de financiación	43.508,76	0,00	249.020,62
7. Rdo. Orzamentario (3+4+5-6)	-116.014,35	178.430,86	153.498,21

O Resultado Orzamentario ou superávit/déficit do exercicio, é unha magnitude fluxo que se refire exclusivamente a operacións orzamentarias e que compara o estado de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio corrente en termos de



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

execución, enfrontando os ingresos liquidados coas obrigacións recoñecidas durante o exercicio, poñendo de manifesto en que medida os ingresos obtidos á longo do exercicio orzamentario conseguiron dar cobertura aos gastos xerados durante o mesmo, presentando na liquidación que se informa, unha vez axustado, valores negativos por importe de 116.014,35 euros, o que supón que os dereitos recoñecidos netos resultaron inferiores ás obrigacións recoñecidas netas no indicado importe, é dicir, os recursos obtidos durante o exercicio non permitiron o financiamento de todas as obrigacións recoñecidas durante o mesmo, pagadas e non pagadas, producíndose un déficit de recursos, por contía equivalente ao Resultado orzamentario obtido.

Polo que respecta o exercicio cuxa liquidación se esta a informar, tal e como se amosa no cadro anterior os axustes que procede realizar sobre o saldo orzamentario son os derivados das desviacións de financiación afectada negativas e positivas do exercicio, procedendo neste senso un axuste positivo é negativo, respectivamente, no resultado orzamentario, o tratarse de aqueles casos en que se recoñece o ingreso afectado no exercicio por un importe inferior o gasto que financia é viceversa, sendo o importe da desviacións negativa é positiva acada xustamente isa diferenca.

A desviación positiva imputable o exercicio 2020 por importe de 43.508,76 euros deriva do proxecto 2017/3/WOMAR/1 que recolle a execución do gasto cofinanciado nun 50% por unha axuda da Unión Europea para un proxecto do grupo 2 de cooperación internacional a grande escala actuando como lider deste proxecto denominado Women Equal Share Presence in the Arts and Creative Industries o Auditorio; iste proxecto iniciouse no ano 2017 é remata no actual ano do 2021. En cuanto a desviación negativa de financiación imputable o exercicio que se liquida por importe de 15.301,30 euros, deriva do proxecto 2018/2/INVES/1 que financia con unha aportación municipal diversos investimentos no organismo.

Por outra banda, tendo en conta que no exercicio 2020 se teñen rexistrado gastos devengados en dito exercicio e non imputados o orzamento por importe de 8.255,32 euros, información que se obten da conta 41310 de Acreedores por operacións devengadas, segundo saldo que luce no balance de situación a 31 de decembro do 2020, procede a corrección dista magnitude fluxo orzamentaria en aplicación do principio do devengo, ajustandoa no referido importe, de donde resulta un valor axustado de -124,269,67 euros que determina un déficit que se integrada de forma negativa no valor do Remanente de Tesourería, implicando un impacto daquel sino sobre o mesmo.

CUARTA.- REMANENTES DE CRÉDITO.

Os Remanentes de crédito mostran os importes dos diferentes créditos non gastados ao peche do exercicio. O seu cálculo pode efectuarse por diferenza entre os créditos definitivos e as obrigacións recoñecidas e en calquera caso vén dado pola suma dos seguintes saldos:



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

- Saldos de créditos
- Saldos de autorizaciones; e
- Saldos de compromisos ou disposicións.

Nos estados contables que se inclúen no expediente administrativo de liquidación do Orzamento do exercicio 2020 inclúense os correspondentes aos Remanentes de crédito por aplicacións orzamentarias, distinguindo entre os comprometidos e os non comprometidos, e os incorporables e non incorporables.

Da documentación incorporada ao expediente dedúcese un total de remanentes de 254.052,91 euros, pola totalidade dos saldos anteriores.

Os Remanentes incorporables constitúen unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria, o cal establece que procederá a anulación dos créditos que ao último día do exercicio non estean afectados o cumprimento de obrigacións, aínda que poderán incorporarse ao exercicio inmediato seguinte, sempre que existan suficientes recursos financeiros, os seguintes créditos (artigo 175 TRLRHL):

- Transferencias e créditos adicionais concedidos no último trimestre.
- Créditos correspondentes a gastos dispostos ou comprometidos, para os que, por as razóns que foran, no se ten recoñecido a obriga.
- Créditos por operacións de capital; e
- Créditos vencellados a ingresos afectados ou finalistas. Istos deben incorporarse con carácter obrigatorio e sin límites no número de exercicios de incorporación, salvo que se desista total ou parcialmente de continuar a súa execución.

Fronte aos remanentes de crédito non incorporables que determinan unha perda ou atraso na capacidade de gasto que como indicamos os créditos non gastados, con carácter xeral, anuláanse a fin de exercicio, os susceptibles de incorporación e os de incorporación obrigatoria non implican a perda dos mesmos, senón que implican un atraso na realización do gasto con respecto á previsión inicial, dado que son incorporados ao orzamento do exercicio seguinte xuntamente co financiamento que lles daba cobertura.

O importe dos Remanentes de Créditos é o seguinte:

Remanentes de crédito.Saldo de disposicións	141.883,30
Remanentes de crédito.Saldo de autorizacións	9.680,00



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Remanentes de crédito. Saldo de retencións	25.133,17
Remanentes de crédito. Saldo de créditos	77.356,44

QUINTA.- REMANENTE DE TESOURERÍA.

REMANENTE DE TESOURERIA	2020	2019	2018
1. Fondos líquidos de Tesourería	542.023,41	1.389.985,24	509.086,45
2. Dereitos pdtes de cobro	432.501,33	391.524,59	1.022.469,91
3. Obrigas pendentes de pago	520.552,25	609.511,16	876.209,21
4. Partidas pendentes de aplicac	7.157,41	637.376,70	12.265,61
5. Remanente de Tesorería (1+2-3-4)	446.815,08	534.621,97	643.081,54
6. Provisión para insolvencias	111.924,04	106.382,61	101.748,67
7. Excesos de financiación afectada	428,60	16.408,73	249.083,08
8. Remanente de Tesoureria para gts gcales (5-6-7)	334.462,44	411.830,63	292.249,79

O Remanente de Tesourería vén regulado no artigo 191.2 do TRLRHL; 101 a 104 do RD 500/90e as Regras 81 a 86 da ICAL. Dispoñen os preceptos citados que o Remanente de Tesourería estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todo iso referido ao 31 de decembro do exercicio.

Os fondos líquidos, veñen determinados polo efectivo e os saldos monetarios que o organismo mantén en entidades de depósito e financeiras e que contablemente rexístranse en contas do subgrupo 57 de efectivo e activos líquidos equivalentes.

Polo que respecta aos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago, que inclúen os xerados no exercicio corrente que se pecha, así como os procedentes da agrupación de exercicios pechados e os de carácter non orzamentario, da



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

análise da evolución dos mesmos durante o exercicio cuxa liquidación se informa, despréndese a necesidade de levar a cabo unha depuración do pendente de cobro.

Polo que atíñe as partidas pendentes de aplicación, esto e, cobros y pagos realizados pendentes de aplicación orzamentaria, rexistrados contablemente nas divisionarias das contas 554 e 555, ascenden a 7.829,40 e 671,99 euros, respectivamente.

Por lo que se refire o cobros pendentes de aplicación o orzamento que arroxa un saldo de 7.829.40 euros, ven determinado polos seguintes ingresos:; 988,00 euros correspondense con ingresos da pasarela de pago e TPV do teatro principal por recaudación de eventos a celebrar no actual 2020, o citado saldo e obxecto de imputación orzamentaria no actual exercicio; 6.675 euros se corresponden con ingresos anteriores o ano 2004 que non se teñen imputado o orzamento e sobre os cales deben realizarse as comprobacións e verificacións oportunas co obxecto de proceder a súa imputación orzamentaria; e finalmente por importe de 166,40 euros que completa o saldo total da conta 5540, se recolle a devolución dun pago efectuado a un terceiro por incidencia na transferencia bancaria efectuada polo organismos que xa foi obxecto de regularización con data de 4 de xaneiro do 2021.

En cuanto os pagos pendentes de aplicación, arroxa un saldo total de 671,99 euros, deriva de saldos de exercicios anteriores sobre os que debe efectuarse a correspondente depuración.

O Remanente de Tesourería Total en base aos cálculos descritos, ascende para o exercicio cuxa liquidación se informa a 446.815,08 euros.

O artigo 191.2 TRLRHL e artigos 102 e 103 RD 500/1990 establecen que a cuantificación do Remanente de Tesourería deberá efectuarse tendo en conta dos posibles ingresos afectados e minorando os dereitos de difícil ou imposible recadación.

Polo que respecta á dotación por deterioración dos créditos derivados de debedores orzamentarios que ascende á cifra de 111.924,04 euros, determináronse seguindo os criterios contidos no artigo 193 bis do TRLRHL.

Así en efecto, a disposición adicional quinta das Bases de execución do orzamento cuxa liquidación se informa, remite en canto aos criterios de determinación dos saldos de dubidoso cobro aos que con carácter de mínimos contéñense no artigo 193 bis do TRLRHL, os cales foron introducidos neste corpo legal polo número uno do artigo segundo da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. Este precepto sinala o seguinte:

Artículo 193 bis. Derechos de difícil o imposible recaudación.

Las Entidades locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:

- α) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.
- β) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.
- χ) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo en un 75 por ciento.
- δ) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.

Pola sua relevancia en cuanto a importe os saldos debedores os anos 2012 a 2014, ambos inclusive, se corresponden co canon que debía satisfacer o anterior concesionario do servicio de cafetería do Auditorio, tendose producido un impago polos referidos anos, e como queira que o organismo non ten facultade de recaudación na vía de apremio, no seu momento, mediante acordo do Consello Reitor, se cargaron a Tesourería do Concello esta debedas, non satisfeitas en período voluntario de cobro, para a sua recaudación en vía executiva previa providencia de apremio a ditar polo Tesoureiro municipal.

Dende a data do seu cargo a Tesorería municipal non se ten rexistrado na contabilidade ningún movemento deste saldos derivado a xestión recaudatoria, polo que, debe instarse o pertinente requerimento o servicio de recaudación municipal sobre a situación e xestión levada a cabo en relación con ditos débitos.

En definitiva, a aplicación dos criterios que se deixan expostos determinan unhas provisión de dubidoso cobro cuxos importes se recollen no cadro que se inserta de seguido:

ANO	PDTE COBRO	% PROVISIÓN	DOTACION	
			PROVISION	
2005	689,65	100,00	689,65	
2008	16.262,25	100,00	16.262,25	
2010	3.000,00	100,00	3.000,00	



AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

2011	17.354,64	100,00	17.354,64
2012	25.901,76	100,00	25.901,76
2013	25.901,76	100,00	25.901,76
2014	7.554,68	100,00	7.554,68
2016	18.535,73	75,00	13.901,80
2017	1.800,00	50,00	900,00
2019	1.830,00	25,00	457,50
TOTAL	118.830,47		111.924,04

En cuanto os excesos de financiación afectada que ascenden a 428,60 euros, veñen determinados polas desviacións de financiación positivas acumuladas producidos nos proxectos de gastos con financiación afectada ou finalista. Istes excesos de financiación configuranse como un recurso para financiar a incorporación de remanentes de crédito de gastos con financiación finalista cuxa incorporación e obligatoria por imperativo legal, salvo que se desista de continuar coa execución do proxecto en cuestión, si ben a contía indicada debe considerarse como un resto sin relevancia do do proxecto 2018/2/INVES/1 que financia con unha aportación municipal diversos investimentos no organismo.

Deducidos os excesos de financiación e a dotación de saldos de difícil ou imposible recaudación obtense un Remanente de Tesourería para gastos xerais por importe de 334.462,44 euros.

Iste Remanente de Tesoureria así delimitado e cuantificado constitue unha magnitude de carácter financeiro que representa o excedente de liquidez a curto prazo que a entidade ten a data de peche do exercicio, esto e, a 31 de decembro do exercicio que se liquida, representativa do grado de autofinanciación do organismo e determinado o excedente de financiación do que dispon para afrontar o gasto autorizado e comprometido (Remanentes de crédito) e o gasto para exercicios vindeiros.

O Remanente de Tesourería así exposto e o deducido directamente dos saldos contables e cuantificado segundo o establecido na vixente Instrucción contable, pero o seu valor informativo poidera quedar distorsionado si non se ten en conta o saldo das obrigas vencidas e esixibles pendentes de imputación o orzamento e que se obteñen do saldo acreedor das divisionarias



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

da conta 413 do Plan Xeral de Contabilidade para a Administración Local. Na contabilidade do organismo correspondente o exercicio cuxa liquidación orzamentaria se está a informar as contas divisionarias da conta 413 arrojan un saldo 8.255,32 euros.

Asimismo tamén debe terse en conta que de acordo coa Instrucción de Contabilidade vixente as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflicten no orzamento en tanto en cuanto non se fan efectivas, razón pola que deben de axustarse os dereitos recoñecidos polo importe dos acreedores por devolución de ingresos. Non constan a 31 de decembro nos estados demostrativos da liquidación do organismo acordos de devolución de ingresos pendentes de pago, polo que non procede efectuar axuste algún por ista circunstancia no valor contable obtido do Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Valor contable Remanente Tesourería Gts	
Xerais	334.462,44
Saldo de obrigas pdtes de imputar a orzamento	8.255,32
Saldo devolucíons ingresos pdts de pago	0,00
Valor real Remanente Tesoureria Gtx	
Xerais	326.207,12

SEXTA.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas. Por iso a aprobación e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais debe realizarse baixo o cumprimento do chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a débeda pública.

Con todo, con data de 20 de outubro do 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 polo que se solicitaba a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e o volume de débeda pública.

Coa devandita apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, quedaron suspendidos durante o exercicio 2020 e 2021 os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto. Deste xeito, España deixa en suspenso o camiño da consolidación fiscal aprobada antes da crise sanitaria da Covid-19.



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

Con todo, é importante sinalar que a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da LOEPYSF, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo nin do resto da normativa hacendística. Igualmente, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas ás que se refire o artigo 8 da referida LOEPYSF, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

É por iso, que para a liquidación orzamentaria do ano 2020 séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e, por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria aínda que a obrigaçión de aprobar a liquidación do orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda financeira non está vixente pola citada suspensión das regras fiscais.

Agora ben, o informe independente de intervención sobre o cumprimento desas regras fiscais seguirá formando parte do expediente debido a que o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigaçións de subministración de información previstas na LOEPYSF, non se derogou e está vixente, aínda que o seu contido estará adaptado segundo o marco xurídico actual de suspensión das regras fiscais.

Isto supón que no informe de intervención que se emita, non se concluirá se se cumpre ou non a estabilidade orzamentaria e a débeda financeira, senón que se indicará que estas regras fiscais están suspendidas e, por iso, non procede valorar o seu cumprimento, pero se realizar o seu cálculo a efectos informativos.

O resultado do devandito cálculo non fornecerá ningún efecto durante os exercicios 2020 e 2021 por estar o obxectivo de estabilidade orzamentaria suspendido.

En definitiva, con ocasión da liquidación do 2020 débese suministrar información sobre o cálculo da capacidade de financiamento e da débeda financeira considerando o anterior, sendo necesario emitir informe independente de intervención sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria (en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10) e sustentabilidade financeira, sen que no devandito informe conclúase un cumprimento/incumplimento das regras fiscais debido a que están suspendidas, unicamente delimitáanse e cuantifican a efectos informativos.

Polo tanto, dado que o organismo carece de débeda financeira, se examina en informe independente de conformidade co indicado no artigo 16.2 do RD 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

SÉTIMA.- CONCLUSIONES.



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

A liquidación do orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia correspondente o exercicio económico do 2020, deducido dos estados contables incorporados o expediente, pon de manifesto que os ingresos realizados no exercicio non foron quen de dar cobertura os gastos realizados no mesmo polo que arroxa un saldo orzamentario de sino negativo por importe de 116.014,35 euros, si ben o valor positivo do Remanente de Tesourería, por importe de 334.462,44 euros pon de manifesto unha boa situación de solvencia financeira no corto prazo do organismo.

Os fondos líquidos o peche do exercicio 2020 acadan a cifra de 542.023,41 euros, do que se deduce un índice de liquidez inmediata no exercicio da liquidación, entendido como a relación dos fondos líquidos e a diferenza entre as obrigas pendentes de pago e os pagos pendentes de aplicación incrementada nos cobros pendentes de aplicación, do 1,04, o que significa que por cada euro que debe o organismo dispón de 1,04 euros en caixa; é si para a determinación deste indicador consideramos os dereitos pendentes de cobro axustados, isto e, deducindo dos mesmos os saldos de dubidoso cobro, obtemos un índice do 1,66 o que supón que tendo en conta as expectativas de cobro por cada euro que ten pendente de satisfacer o organismo, dispón de 1,66 euros tendo en conta a súa posición líquida e o seu activo realizable, isto e, os saldos pendentes de cobro a dita data de peche, deducidos a provisión para saldos incobrables ou de dubidoso cobro.

En canto ao grao de execución dos ingresos do orzamento corrente, os ingresos liquidados supón un 87,68 % sobre as previsións definitivas, inferior ao resultante da liquidación do exercicio anterior do 2019 que alcanzou o 90,66 % do total dos ingresos. A evolución dos ingresos correntes sobre o total de dereitos recoñecidos reflíctese na táboa que inserimos a continuación:

CAPITULOS	DRN	% DRN/TOTAL
Capítulo 3 Taxas e outros ingresos	349.959,06	59,69
Capítulo 4 Transferencias correntes	2.061.531,62	96,44
Capítulo 5 Ingresos patrimoniais	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES	2.411.490,68	

Polo que respecta ao grao de dependencia financeira do organismo autónomo respecto da Entidade matriz que viría dado pola relación entre a transferencia incondicionada para gastos de funcionamento satisfeita pola Administración municipal que ascendeu a 1.340.120,00 euros, respecto do total de dereitos recoñecidos netos por ingresos correntes, resulta ser do 55,57%,



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS
Santiago de Compostela

superior a exercicios anteriores como consecuencia do descenso no nivel de execución do capítulo 3 de taxas e ingresos, 47,07% e 47,15% nos exercicios 2017 e 2016, respectivamente é 46,92% é 47,72% no anos 2018 è 2019, tamén respectivamente.

En canto ao grado de execución dos créditos autorizados no estado de gastos verificase un menor volumen de execución no exercicio que se liquida que ascende a 90,84% que respecto do inmediato anterior do 2019 que se posicionou no 94,26%, lixeiramente superior ao acadado no 2018 que foi do 88,19%, pero tamén inferior os anos anteriores do 2017 e 2016 que resultou ser do 94,84 e 95,10%, respectivamente.

O peso relativo dos gastos de persoal (soldos e salarios, incentivos ao rendemento, cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador) respecto dos gastos correntes (Capítulos 1 a 4) alcanza a 35,88%, fronte ao 33,02%, 31,89%, 30,34% e 29,40% dos exercicios 2019, 2018, 2017 e 2016. Esta porcentaxe é indicador do grao de rixidez do gasto corrente do organismo, é dicir, a importancia dos gastos que no conxunto dos de natureza corrente teñen un carácter máis estable ou fixo e por tanto son menos susceptibles de redución.

Finalmente indiquemos que as consideracións e conclusións expresadas no presente informe non se ven substancialmente modificadas ou condicionadas pola necesaria análise e no seu caso depuración das cantidades pendentes de cobranza de exercicios anteriores, por canto que foron sustraída da análise, naqueles casos en que resultou procedente, a provisión por insolvencias dotada para o exercicio, e en canto os cobros e pagos pendentes de aplicación orzamentaria, polo seu importe non resultan significativos por aplicación do principio de importancia relativa.

Santiago de Compostela
O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL,

Asdo.: Juan Ramón González Carnero